

Convocatorias de Proxectos Sociais

*Facelo xuntos para
facelo realidade*

2026



AO CARÓN DE QUEN IMPULSAN A TRANSFORMACIÓN SOCIAL

O contexto social actual é complexo e esixe respostas á altura de **retos de grande envergadura**. A pobreza e a exclusión social, a precariedade laboral, a inequidade educativa, os problemas de saúde mental ou o avellentamento da poboación, entre outros, non son realidades illadas, senón fenómenos dinámicos e **estreitamente interrelacionados** que configuran escenarios de alta complexidade e xeran situacións de vulnerabilidade que afectan a miles de persoas en todo o país.

Coa vocación de impulsar **respostas rigorosas e transformadoras** a estas situacións, as Convocatorias de Proxectos Sociais da Fundación "la Caixa" apóianse no coñecemento, a experiencia e o compromiso sostido do terceiro sector social, coa vontade de ofrecer un **marco estable de colaboración** coas entidades sociais.

O programa aposta por proxectos profundamente arraigados en cada territorio, que fortalecen as capacidades das persoas e contribúen, desde o traballo comunitario e en rede, a xerar **igualdade de oportunidades e cohesión social**.

Desde hai máis de 25 anos, as Convocatorias de Proxectos Sociais impulsan de maneira ininterrompida **iniciativas en todas as comunidades autónomas**. Trátase de proxectos promovidos por entidades sociais cun profundo coñecemento da realidade das persoas ás que acompañan, capaces de adaptarse con axilidade a un contexto en constante cambio e de dar resposta ás necesidades específicas dos seus territorios.

24.600
proxectos
impulsados
desde 1999

10,5 M
de persoas
destinatarias

533 M€
investidos

O compromiso da Fundación "la Caixa" coas persoas que atravesan situacións de dificultade é firme e sostido no tempo



18 CONVOCATORIAS SOCIAIS, UNHA POR TERRITORIO


Un ano máis, impulsamos dezaioito Convocatorias de Proxectos Sociais de alcance territorial: unha para cada comunidade autónoma e outra para as dúas cidades autónomas de Ceuta e Melilla.

A cada convocatoria pódense presentar entidades sociais que desenvolvan proxectos arraigados ao territorio, atendendo os requisitos previstos nas bases.

Aquelas entidades e delegacións con convenio vixente nas Convocatorias de Proxectos Sociais 2025 deberán cubrir un informe de estado describindo o grao de execución do proxecto seleccionado en 2025.



Impulsamos proxectos que xeran oportunidades, promoven a equidade e contribúen a reducir as brechas da desigualdade, actuando como motor de cohesión social e territorial



As convocatorias contemplan diferentes ámbitos e liñas de actuación transversais.

→ Ámbitos de actuación

Os proxectos que se presenten ás convocatorias deberán enmarcarse nalgún dos seguintes ámbitos de actuación, sempre en contornos de vulnerabilidade.

PERSOAS MAIORES

Apoio ao autogoberno e ao apoderamento das persoas maiores, impulsando as relacións persoais significativas e a prevención e intervención en situacións de soidade non desexada e de illamento social.

PERSOAS CON DISCAPACIDADE, TRASTORNOS MENTAIS OU ENFERMIDADE

Promoción de autonomía e da vida independente das persoas con discapacidade ou trastornos mentais e atención integral a persoas con enfermidade.

POBREZA E INCLUSIÓN SOCIAL

Fomento do apoderamento, acompañamento e participación de persoas en risco ou situación de pobreza e/ou exclusión social, con especial atención á infancia, a adolescencia e as súas familias, así como a persoas novas, mulleres, persoas migrantes e persoas especialmente vulnerables.

→ Liñas de actuación transversais

Así mesmo, os proxectos poden dar resposta ás seguintes liñas de actuación transversais.

1. Inserción sociolaboral
2. Oportunidades educativas para a equidade
3. Acceso a recursos residenciais temporais
4. Convivencia intercultural e cohesión social
5. Promoción e protección da saúde e a saúde mental
6. Prevención das violencias e as adicións
7. Cultura como motor para a transformación social





CALENDARIO 2026

Convocatorias por territorio:

Do 20 de xaneiro ao 19 de febreiro

● **Comunidade de Madrid**
Galicia

Do 3 de febreiro ao 5 de marzo

● **País Vasco**
Cidades autónomas de Ceuta e Melilla
Cantabria

Do 10 de febreiro ao 12 de marzo

● **Aragón**

Do 24 de febreiro ao 26 de marzo

● **Comunitat Valenciana**

Do 3 de marzo ao 9 de abril

● **Rexión de Murcia**
Principado de Asturias

Do 24 de marzo ao 28 de abril

● **Canarias**
Extremadura
A Ríoxa

Do 9 de abril ao 14 de maio

● **Andalucía**

Do 12 de maio ao 11 de xuño

● **Castela e León**
Castela-A Mancha

Do 2 de xuño ao 2 de xullo

● **Illas Baleares**
Comunidade Foral de Navarra

Do 3 de setembro ao 1 de outubro

● **Cataluña**

CONVOCATORIA DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL 2026

Innovación social para o fortalecemento das entidades locais e a transformación comunitaria

A convocatoria de Cooperación Internacional ten como finalidade contribuír a reducir a pobreza e as desigualdades en países de África, Asia e América Latina a través de iniciativas de innovación social que xeren oportunidades para as persoas máis vulnerables e promovan o cambio sistémico nas comunidades locais.

Inclúe ferramentas de innovación social aplicadas ao desenvolvemento, como a escoita, a cocreación, o prototipado e o escalado para favorecer a participación comunitaria e o desenvolvemento equitativo e sostible.



→ Ámbitos de actuación

DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO E EMPRENDIMENTO

Potenciar o tecido económico e produtivo nas comunidades vulnerables mediante a creación ou fortalecemento de negocios, o impulso do emprendemento e a capacitación.

SAÚDE E BENESTAR COMUNITARIO

Promoción do dereito universal á saúde a través da mellora dos servizos de atención primaria, o acceso equitativo á saúde materno-infantil, a prevención e atención de enfermidades, o acceso a auga potable e saneamento, e a formación do persoal sanitario.

EDUCACIÓN E FORMACIÓN

Impulso de iniciativas educativas innovadoras orientadas a mellorar a aprendizaxe, e promover accións de formación técnica e profesional para xerar oportunidades laborais de maior calidade.

Enfoques transversais

- Fortalecemento de entidades e alianzas estratéxicas
- Apoderamento e participación comunitaria
- Impacto, sostibilidade e potencial de escalabilidade
- Cambio climático e protección do medioambiente
- Perspectiva de xénero e inclusión social
- Tecnoloxías emerxentes e dixitalización

CALENDARIO 2026

Convocatoria de Cooperación Internacional: do 15 de abril ao 20 de maio

As **Convocatorias de Proxectos Sociais** reforzan e complementan os programas propios da Fundación "la Caixa".

Ademais, contribúen á consecución dos **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible** e a Axenda 2030 das Nacións Unidas.

A **perseveranza** e as **actuacións sostidas no tempo** son algunhas claves para lograr unha auténtica transformación social. Na Fundación "la Caixa" traballamos, desde hai máis de 25 anos e da man das entidades sociais de cada territorio, para construír unha sociedade máis xusta, inclusiva, equitativa e solidaria, co convencemento de que, **se o facemos conxuntamente, poderemos facelo realidade.**

Máis información, en
fundacionlacaixa.org/convocatorias-sociales



Servizo de Información:

ayudassociales@contact.fundacionlacaixa.org

900 223 040

De luns a venres, de 9 a 17 h

www.fundacionlacaixa.org



Fundación "la Caixa"